

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|------------------------|---------------|
| 15015767 | Politécnico de Santiago | Santiago de Compostela | 2024/2025 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|--------------------------|---------------------------|---------------------|---------------------------------|-------------------|
| MAM | Madeira, moble e cortiza | CMMAM01 | Carpintaría e moble | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de adultos |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0543 | Documentación técnica | 2024/2025 | 7 | 140 | 140 |
| MP0543_12 | Elaboración de documentación técnica | 2024/2025 | 7 | 90 | 90 |
| MP0543_22 | Elaboración de proxectos de fabricación | 2024/2025 | 7 | 50 | 50 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|--------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARÍA JOSÉ ALONSO SUÁREZ |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional está incluído no CM Carpintería e Moble, na modalidade dual, con horario de presencial no turno de tarde. Ao ser un módulo de segundo, está pensado para un tipo de alumnado que xa trae unha base de debuxo, adquirida en Solucións Constructivas CM, polo que xa traen uns coñecementos que continuaremos desenrolando.

Con este módulo, o alumnado optén a formación necesaria para desempeñar a función de produción aplicada aos procesos de preparación, mecanizado, montaxe e acabado. A actividade do sector da carpintería e moble ten unha presenza notable na contorna de Santiago de Compostela, co que o alumnado terá moitas posibilidades de incorporarse o mercado laboral a través de esta formación.

A documentación técnica do proceso de fabricación asociada á función de produción abrangue aspectos como:

- Elaboración de documentación gráfica para o proceso de fabricación.
- Elaboración e interpretación de procesos de fabricación.
- Asignación dos recursos necesarios a cada operación.
- Elaboración da memoria do produto, onde se recollen aspectos fundamentais.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Selección dos procesos de fabricación á medida en carpintería e moble.
- Valoración das posibles solucións de fabricación.
- Asignación dos recursos necesarios a cada operación.
- Elaboración da memoria técnica do produto.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), e), f), h), j), l), m), e) n) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais a), b), e), f), h), j), l) e m). As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Toma de datos de espazos para os que cumpra fabricar un elemento ou un conxunto á medida, adoptando as solucións construtivas máis adecuadas para cada caso, e realizar planos completos do conxunto, utilizando programas de deseño asistido por computador en dúas e en tres dimensións.
- Realización de procesos de fabricación de conxuntos de carpintería e moble, asignandoos recursos materiais e humanos necesarios para cumprir as especificacións.
- Elaboración de memorias onde se resuman os datos máis salientables do proxecto, dando unha visión xeral do produto, o seu proceso de fabricación e o seu orzamento ou a súa valoración.

Este módulo de Documentación técnica é de modalidade Dual. O grupo está constituído por sete alumnos que alternará a formación cunha primeira fase presencial no noso centro de ensino CIFP Politécnico de Santiago, con outra segunda fase de actividade laboral a partir do 29 de Xaneiro, na empresa SANTOS equipamientos interiores, S.L..

Cada 15 días virán ao noso centro para facer un seguimento co tutor e resto de profesores, no noso centro de ensino CIFP Politécnico de Santiago.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--------------------------------------|---|--------------------|----------|
| 1 | Formación en empresa. | Formación curricular que se adquirirá na empresa. | 10 | 7 |
| 2 | Toma de datos para a fabricación. | Interpretación da documentación técnica. Toma de datos para a realización de planos e propostas de solucións. | 25 | 14 |
| 3 | Solucións constructivas do proxecto. | Compras e abastecemento de materiais.Procesos de fabricación.Maquinas, equipamentos. | 25 | 14 |
| 4 | Documentación gráfica. | Realización dos planos necesarios en 2D e 3D con programas de deseño asistido por ordenador | 30 | 15 |
| 5 | Formación en empresa. | Formación curricular que se adquirirá na empresa. | 11 | 8 |
| 6 | Procesos de fabricación | Elaboración de diagrama de procesos.Temporalización. | 8 | 14 |
| 7 | Orzamentos | Elaboración de orzamentos para solucións de fabricación de carpintería e moble | 12 | 14 |
| 8 | Proxecto de fabricación | Elaboración de documentos de proxecto. | 19 | 14 |

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 1 | Formación en empresa. | 10 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Compila información para a fabricación á medida de carpintería e moble, tendo en conta a relación entre as necesidades presentadas e as posibilidades de execución. | NO |
| RA2 - Avalía solucións construtivas de fabricación, e describe a solución adoptada en función dos recursos dispoñibles. | NO |
| RA3 - Elabora documentación gráfica de conxuntos para a fabricación de carpintería e moble utilizando aplicacións de deseño asistido por computador, en dúas e tres dimensións. | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.3 Seleccionáronse os instrumentos e os utensilios necesarios para a toma de datos. |
| CA1.4 Utilizáronse os instrumentos de medición para a toma de datos. |
| CA1.5 Realizouse un esbozo do lugar onde se vaia localizar o produto requirido, e anotáronse con precisión os datos salientables. |
| CA2.5 Tívose en conta a serie de fabricación. |
| CA3.4 Representáronse vistas do conxunto ou subconxunto necesarias para a montaxe. |
| CA3.6 Representáronse despezamentos do conxunto. |
| CA3.9 Utilizáronse programas de deseño asistido por computador. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Instrumentos e utensilios para a toma de datos. |
| Debuxo de esbozos a man alzada. |
| Procesos de fabricación. |
| Interpretación de planos de fabricación. |
| Deseño asistido por computador. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------------------|----------|
| 2 | Toma de datos para a fabricación. | 25 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Compila información para a fabricación á medida de carpintaría e moble, tendo en conta a relación entre as necesidades presentadas e as posibilidades de execución. | SI |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Compilouse e analizouse a documentación técnica existente do espazo onde vaia localizar o produto requirido. |
| CA1.2 Identificáronse as instalacións existentes no lugar da toma de datos (electricidade, fontanaría, etc.). |
| CA1.3 Seleccionáronse os instrumentos e os utensilios necesarios para a toma de datos. |
| CA1.4 Utilizáronse os instrumentos de medición para a toma de datos. |
| CA1.5 Realizouse un esbozo do lugar onde se vaia localizar o produto requirido, e anotáronse con precisión os datos salientables. |
| CA1.6 Elaboráronse planos a escala do espazo onde se vaia localizar o produto requirido. |
| CA1.7 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA1.8 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA1.9 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos e presentáronse debidamente pregados e encadernados. |
| CA1.10 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades. |
| CA1.11 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos. |
| CA1.12 Demostrouse destreza na execución dos planos. |
| CA1.13 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintaría e moble en cada formato, facilitando a claridade e comprensión do debuxo. |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Instrumentos e utensilios para a toma de datos. |
| Técnicas de medición e toma de datos. |
| Debuxo de esbozos a man alzada. |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------------------------------|----------|
| 3 | Solucións constructivas do proxecto. | 25 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Avalía solucións construtivas de fabricación, e describe a solución adoptada en función dos recursos dispoñibles. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Caracterizáronse os procesos de fabricación que interveñen nun produto. |
| CA2.2 Consideráronse as máquinas, os equipamentos e as ferramentas principais para levar a cabo os procesos de fabricación. |
| CA2.3 Comprobáronse os elementos de fabricación estandarizados. |
| CA2.4 Valorouse a oportunidade de subcontratar procesos. |
| CA2.5 Tívoise en conta a serie de fabricación. |
| CA2.6 Elixíuse unha solución que reduza o uso de materiais que xeren residuos perigosos. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.7 Elixíuse unha solución con criterios de eficiencia ecolóxica. |
| CA2.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA2.9 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA2.10 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos. |
| CA2.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades. |
| CA2.12 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---------------------------------------|
| Compras e abastecemento de materiais. |
| Procesos de fabricación. |
| Máquinas, equipamentos e ferramentas. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 4 | Documentación gráfica. | 30 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Elabora documentación gráfica de conxuntos para a fabricación de carpintería e moble utilizando aplicacións de deseño asistido por computador, en dúas e tres dimensións. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Seleccionouse o sistema de representación gráfica máis adecuado para representar o conxunto, dependendo da información que se queira amosar. |
| CA3.2 Obtivéronse perspectivas do espazo da fabricación empregando programas de deseño asistido por computador. |
| CA3.3 Elixíuse a escala en función do tamaño dos obxectos que cumpra representar. |
| CA3.4 Representáronse vistas do conxunto ou subconxunto necesarias para a montaxe. |
| CA3.5 Representáronse os detalles identificando a súa escala e a posición no conxunto. |
| CA3.6 Representáronse despezamentos do conxunto. |
| CA3.7 Identificouse o plano coa súa información característica. |
| CA3.8 Imprimíronse e pregáronse os planos de acordo coas normas de representación gráfica. |
| CA3.9 Utilizáronse programas de deseño asistido por computador. |
| CA3.10 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA3.11 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA3.12 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades. |
| CA3.13 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos |
| CA3.14 Demostrouse destreza na execución dos planos. |
| CA3.15 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintería e moble en cada formato, facilitando a claridade e a comprensión do debuxo. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Interpretación de planos de fabricación. |
| Normas de debuxo industrial. |
| Planos de conxunto e despezamento. |
| Deseño asistido por computador. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 5 | Formación en empresa. | 11 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Selecciona procesos para a fabricación de carpintería e moble, e xustifica a secuencia de operacións e os recursos establecidos. | NO |
| RA2 - Valora solucións de fabricación de produtos de carpintería e moble, e elabora orzamentos mediante a utilización de follas de cálculo. | NO |
| RA3 - Elabora documentación de proxectos de fabricación de carpintería e moble, e redacta memorias descritivas, utilizando ferramentas informáticas. | NO |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Recoñecéronse os procedementos de fabricación que interveñen en carpintería e moble. |
| CA1.2 Relacionáronse os principais procedementos de mecanizado, montaxe e acabado coas operacións necesarias para os levar a cabo. |
| CA1.3 Estableceuse a secuencia das operacións que cumpra realizar. |
| CA1.4 Asignouse a maquinaria necesaria para cada operación. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.2 Realizáronse medicións estimando o desperdicio segundo os materiais. |
| CA2.6 Utilizouse un programa informático para a elaboración de orzamentos. |
| CA3.1 Definiuse o obxecto do proxecto. |
| CA3.3 Xustificouse a solución proposta. |
| CA3.14 Demostrouse destreza na execución dos planos. |
| CA3.15 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintería e moble en cada formato, facilitando a claridade e comprensión do debuxo. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Diagrama de procesos.</p> <p>Maquinaria en procesos de fabricación.</p> <p>Temporalización de procesos.</p> <p>Medicións.</p> <p>Cálculo de custos.</p> <p>Manexo de folia de cálculo.</p> <p>Estrutura dun documento-proxecto de fabricación.</p> <p>Descrición de características de produtos.</p> <p>Ferramentas informáticas de aplicación.</p> |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-------------------------|----------|
| 6 | Procesos de fabricación | 8 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Selecciona procesos para a fabricación de carpintería e moble, e xustifica a secuencia de operacións e os recursos establecidos. | SI |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Recoñecéronse os procedementos de fabricación que interveñen en carpintería e moble. |
| CA1.2 Relacionáronse os principais procedementos de mecanizado, montaxe e acabado coas operacións necesarias para os levar a cabo. |
| CA1.3 Estableceuse a secuencia das operacións que cumpra realizar. |
| CA1.4 Asignouse a maquinaria necesaria para cada operación. |
| CA1.5 Fíxose a distribución temporal das operacións para a elaboración do conxunto. |
| CA1.6 Relacionáronse os aspectos de seguridade e hixiene co proceso. |
| CA1.7 Tivéronse en conta criterios de eficiencia ecolóxica para a selección dos procesos. |
| CA1.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA1.9 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA1.10 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos. |
| CA1.11 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades. |
| CA1.12 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos. |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Diagrama de procesos. |
| Maquinaria en procesos de fabricación. |
| Temporalización de procesos. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 7 | Orzamentos | 12 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Valora solucións de fabricación de produtos de carpintería e moble, e elabora orzamentos mediante a utilización de follas de cálculo. | SI |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Manexáronse e interpretáronse tarifas. |
| CA2.2 Realizáronse medicións estimando o desperdicio segundo os materiais. |
| CA2.3 Calculáronse os custos fixos de fabricación. |
| CA2.4 Calculáronse os custos variables de fabricación. |
| CA2.5 Consideráronse as marxes comerciais. |
| CA2.6 Utilizouse un programa informático para a elaboración de orzamentos. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.7 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA2.8 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA2.9 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos. |
| CA2.10 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades. |
| CA2.11 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos. |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|-----------------------------|
| Medicións. |
| Cálculo de custos. |
| Manexo de folia de cálculo. |

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-------------------------|----------|
| 8 | Proxecto de fabricación | 19 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Elabora documentación de proxectos de fabricación de carpintería e moble, e redacta memorias descritivas, utilizando ferramentas informáticas. | SI |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Definiuse o obxecto do proxecto. |
| CA3.2 Valoráronse os antecedentes. |
| CA3.3 Xustificouse a solución proposta. |
| CA3.4 Valoráronse os criterios de xestión sustentable dos recursos. |
| CA3.5 Indicáronse as características básicas e as calidades dos materiais que se vaian utilizar. |
| CA3.6 Definiuse o tipo de acabado que cumpra realizar. |
| CA3.7 Indicáronse as normas de seguridade e hixiene ligadas á fabricación do obxecto proxectado. |
| CA3.8 Elaboráronse documentos utilizando ferramentas informáticas. |
| CA3.9 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA3.10 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA3.11 Aplicáronse as normas de presentación dos traballos e presentáronse debidamente pregados e encadernados. |
| CA3.12 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades. |
| CA3.13 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos. |
| CA3.14 Demostrouse destreza na execución dos planos. |
| CA3.15 Proporcionáronse e distribuíronse adecuadamente os elementos de carpintaría e moble en cada formato, facilitando a claridade e comprensión do debuxo. |

4.8.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Estrutura dun documento-proxecto de fabricación. |
| Descrición de características de produtos. |
| Ferramentas informáticas de aplicación. |

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos exixibles son os especificados no apartado 4c Axustar Avaliación, e concréntanse na adquisición por parte do alumno dunha serie de conceptos e habilidades que lle permitan deseñar e representar correctamente elementos de carpintería e mobiliario de madeira, e desenvolver a documentación precisa para a súa correcta definición (memorias, medicións, orzamentos...).

Para a nota final da/do alumna/o ó remate do módulo terase en conta::

_ Actividades de avaliación ou practicas.

O tratarse dunha avaliación continua, tódalas as practicas que se realicen ó longo do curso serán actividades de avaliación, por ese motivo, é obrigatoria a realización e entrega de estas actividades. Deberanse entregar completas e en prazo, as actividades que se entreguen fora de prazo non se cualificarán.

Na cualificación das actividades de avaliación tamén se incluírá a observación diaria de aspectos actitudinais de atención, colaboración e orden e a aplicando das normas de traballo en equipo cando sexan precisas, CA recollidos en todas as unidades didácticas do módulo.

_ Exames

O exame de cada trimestre versará sobre os contidos do módulo e resolución practica relacionadas coas actividades de avaliación entregadas durante o trimestre respectivo.

A nota de cada avaliación corresponderá a:

NOTA (A) = 65% Probas escritas.

Constarán de casos prácticos a resolver. En cada exame trimestral, haberá unha relación proporcional do número de preguntas, co peso que representan as unidades didácticas examinadas. O exame cualificaranse

de 1 a 10

NOTA (B) = 35% Actividades de avaliación.

As tarefas entregadas serán cualificadas de 1 a 10, a nota (B) será a media aritmética das diferentes tarefas realizadas o longo do trimestre.

En base os diferentes procesos de cualificación descritos , a nota final da avaliación trimestral obterase da seguinte forma:

NOTA FINAL (N)= NOTA (A) *0.65+ NOTA (B) *0.35

A nota da 1ª e 2ª avaliación será a media das notas das unidades didácticos avaliadas , estas puideran ser impartidas total ou parcialmente, no caso de que a unidade fose impartida de forma parcial, esta representará un peso respecto a avaliación que se calculará en función das horas impartidas desa unidade didáctica.

A nota da 3ª avaliación será a nota proporcional asignada a cada UD.

Para que a cualificación final do módulo resulte positiva , será imprescindible a cualificación positiva, e dicir igual ou superior a 5 ,en cada unha das avaliacións que o forman. A nota final do módulo será a media ponderada das notas de cada unha das avaliacións.

O alumno acadará a avaliación positiva no módulo se supera cun 5 todas as avaliacións realizadas no centro e obtén unha valoración de "FAVORABLE" na empresa.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non acaden o aprobado en algunha das avaliacións parciais, terán dereito a probas de recuperación antes do final do curso. Para preparar esas probas, indicáraselle a cada un dos alumnos cales son os contidos, procedementos e actitudes que debe correxir, e farase un seguimento do alumno mediante correccións de prácticas e exercicios e explicacións dos aspectos que cumpra mellorar.

Ao remate do curso terá lugar unha proba final a que cada alumno irá coa parte da materia que teña suspensa, enténdese que os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións non precisarán presentarse a este exame.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que acade un número de faltas de asistencia sen xustificar igual ou superior ao 10% da duración total do módulo perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre e terá que facer unha proba extraordinaria , para superar este módulo.

Nesta proba, o alumnado terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos esixibles de cada un dos bloques de contidos desta programación.

Esta proba consistirá en un exame teórico práctico por cada avaliación, podendo constar cada exame de varias sesións, hasta un total de 6 horas cada exame :

Para poder presentarse a este exames o alumnado debera ter presentado as mesmas prácticas que as realizadas polo resto dos alumnos que non perderon o dereito a avaliación continua, prácticas que deberán realizarse baixo o seguimento e control do profesor.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo de 2º do CM Carpintería e moble, celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo sistema de xestión da calidade implantado no centro, no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebraremos unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acade os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceráanse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación. Estas medidas consistirán en traballos que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor, e na repetición daqueles traballos de taller nos que non acadou o mínimo esixible.

Tamén en aqueles casos que sexa pertinente poderá levarse a cabo unha flexibilización modular na duración das ensinanzas.

O CIFP proporciona a través do sistema de calidade; o procedemento MD85ORI05_Plán_Xeral_atención_diversidade, activado de ser necesario polo departamento de orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A enseñanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

-Educación para a convivencia:
Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

-Educación para a saúde:
Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

-Educación para a paz:
Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando críticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

-Educación do consumidor:
Trataremos este tema mediante a análise de anuncios publicitarios televisivos, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

-Educación en igualdade:
Fomentarase o trato non discriminatorio, evitando perpetuar a idea tradicional da existencia de roles de traballo e profesións exclusivamente masculinos .Evitarase o uso de linguaxe sexista e inculcaranse valores que produzan un cambio en actitudes a partir da colaboración entre sexos nos grupos de traballo.

-Educación ambiental:

A través da visualización de documentais televisivos reflexionárase sobre problemas medioambientais, contemplando posibles solucións.

-Educación vial:

Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóviles.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Social, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria.

Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polo que debemos fomentalas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas no centro educativo, co fin de fomentar a relación co contorno productivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas na aula, por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensino-aprendizaxe do ciclo. A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia

profesional do título, por iso, contemplaremos nas actividades varias visitas a empresas relacionadas co sector do metal e se coincidise con alguna feira do sector, tamén se podería intentar asistir a ela.

Este ano estudarase a posibilidade de realizar algunha visita a oficina técnica dalgunha fábrica de mobles da comarca.

10. Outros apartados

10.1) Avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso procederase a realizar un breve cuestionario sobre os contidos xerais do módulo, ou a realización dalgunha actividade práctica, para facer unha sondaxe do nivel do alumnado matriculado, para ter un punto de partida e así poder realizar as medidas correctivas que sexan necesarias.

10.2) Presentación da programación

Nas primeiras semáns darase a coñecer a programación didáctica do módulo.

Esta programación ensinaráselle na aula e quedará exposta a versión do alumnado no aula virtual do centro para a consulta por parte do alumnado.

Asemade, durante as primeiras semanas do curso, comprobarase que todo o alumnado ten acceso á aula virtual do centro. Na aula virtual disporán da información relativa á programación, avaliación e material de

estudo e consulta, así como, as tarefas que o alumnado deberá realizar.